CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

ACTA Nº 2021/4

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

PRESIDE:

JUAN MANUEL SABORIDO RAMA

ASISTEN:

PSOE

MARÍA MERCEDES NOCEDA GÓMEZ

SANDRA FERNÁNDEZ SIABA

RAFAEL ANTONIO RIVEIRO PIÑEIRO

JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REY

PP

AGUSTÍN MANUEL GONZÁLEZ DOSIL

JOSÉ ELISARDO GARCÍA LAGO

PEDRO LADO RIVEIRO

BNG

MARÍA BELÉN CAMPOS DÍAZ

MARÍA PILAR TUBÍO LARIÑO

MANUEL MÁXIMO SOUTO BARREIRO

SECRETARIO

JOSÉ LUIS VEIGA SIERRA

No Salón de sesións da Casa do Concello de Carnota, ás 20:00 horas do día 27 de maio de 2021, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación, conforme ao réxime de sesións acordado polo Pleno en cumprimento do establecido no artigo 46.1 daLei7/1985,LBRL.

Comprobada a existencia de quórum suficiente e o cumprimento dos demais requisitos formais legalmente esixidos para a válida celebración do acto, o Presidente declara aberta a sesión, procedéndose a tratar os diversos asuntos incluídos na orde do día que se incluíron na convocatoria.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

I. PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da Acta da sesión anterior.

De acordo co previsto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, ROF, pregunta o presidente se algún membro da Corporación desexa facer algunha observación con respecto á acta da sesión anterior (n.º2021/3 do 05/04/2021) que se entregou coa convocatoria.

Non se realizan observacións, polo que se considera aprobada a Acta por unanimidade.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, efectúalle ao alcalde a proposta de retrasar os plenos ordinarios cando non hai asuntos que tratar, como no caso do presente Pleno, no que só se contempla a aprobación da acta da sesión anterior e as mocións do BNG, co fin de aforrarlle gastos ao Concello.

O alcalde indícalle que se cumpriu co sistema organizativo aprobado, e que, por parte del, non existe ningún problema para retrasar os plenos nos que non haxa asuntos que tratar na orde do día.

O secretario aclara que non habería ningún problema sempre que estiveran de acordo todos os membros do Pleno.

O concelleiro Agustín González declara que a eles non lle importaría que se atrasara o Pleno, e indica que non soe ocorrer que non haxa puntos a tratar, que o ocorrido no presente Pleno non é o normal.

2. Mocións presentadas

1. RE. 202199900000286-BNG en defensa dun modelo de enerxía eólica sustentable, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, procede á lectura da moción que deseguido se transcribe:

Moción en defensa dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

O grupo municipal do BNG presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno.

Exposición de motivos:

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Galiza sofre hoxe un boom eólico sen precedentes. As grandes empresas do oligopolio eléctrico e os gobernos da Xunta e do Estado están a aproveitar a necesidade de desenvolver unha transición enerxética que abandone enerxías fósiles para repetir a historia: facer que Galiza sexa unha gran produtora de enerxía sen capacidade decisión, cun modelo espoliador e depredador deseñado ás nosas costas e ao servizo das grandes empresas, sen participación social e sen garantías de protección medioambiental nin de que o beneficio económico obtido sexa empregado para reverter na xeración de riqueza no noso país.

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do "verde" asistimos a un lavado de cara dirixido polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e agora tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen consenso coa sociedade dos lugares afectados e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares, converténdose en parte activa dos problemas que se están a dar ao favorecer un modelo depredador. É necesario apostar polas enerxías renovábeis, pero hai que ter en conta que non por ser renovábeis son inocuas e que tamén deben avaliarse os seus impactos.

Nos últimos anos, cunha forte oposición social, o goberno galego aprobaba a coñecida como "lei de depredación" (Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza) e máis recentemente, coa coartada da covid-19 seguía o camiño de desregulación e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica. Así mesmo, isto acontece despois de que o Partido Popular bloqueara durante os seus gobernos a ampliación da protección de espazos que hoxe deberan estar blindados pola súa importancia para a preservación da biodiversidade e a loita contra a crise climática.

Ademais, isto acontece nun momento de crise industrial onde curiosamente ao mesmo tempo que Galiza bate récords de xeración eólica bate tamén récords de desmantelamento industrial. Non só non hai vinculación desta expansión a proxectos industriais, senón que vemos como empresas vinculadas á fabricación de compoñentes pechan ou son deslocalizadas, como Isowat ou Siemens Gamesa.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Aínda que Galiza nunca antes xerou tanta enerxía eólica (no 2020 foi a segunda comunidade do Estado) e seguimos exportando enerxía eléctrica para outros territorios, non obtemos un retorno xusto que compense o impacto social e ambiental. O noso papel xerador ten que traducirse nun vector de crecemento e desenvolvemento económico no lugar de empobrecernos como fai este modelo absolutamente espoliador. É necesario un cambio de modelo que defenda a participación pública no sector, a través dunha empresa pública galega de enerxía e da participación da Xunta, de Concellos e de colectivos como asociacións veciñais ou comunidades de montes. Así mesmo, Galiza debe ter dereito a decidir sobre como desenvolver a súa planificación enerxética.

Hoxe é un clamor social a corrección da antidemocrática falta de transparencia e información que existe e garantir mecanismos de participación para a sociedade galega. Por estes motivos, desde o BNG reclamamos un cambio de rumbo a prol dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

Por todo o exposto o pleno do concello acorda demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:

1. Desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.

2. Dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións establecendo medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte das compoñentes sexan desenvolvidos en Galiza.

3. Impulsar medidas para garantir a socialización dos beneficios do papel xerador de Galiza e o retorno económico para o noso país apostando pola constitución dunha empresa pública galega de enerxía e fomentando a participación pública da Xunta e dos concellos galegos así como das persoas propietarias das terras (comunidades de montes, propiedades agrogandeiras) de maneira que xere rendas complementarias. Así mesmo, impulsaranse fórmulas de democratización da enerxía como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

4. Incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto das posibles intervencións que poidan afectar negativamente o patrimonio natural ou a biodiversidade e mais a prevención dos problemas derivados da crise climática. Singularmente:

a) Paralizar cautelarmente os proxectos de todos os parques eólicos, en proxecto ou en tramitación, que estean incluídos dentro de áreas propostas anteriormente para a ampliación da Rede Natura e non autorizar novos parques eólicos que estean situados nestas zonas.

b) Realizar unha fiscalización da totalidade de proxectos en proxecto ou tramitación no noso país para localizar casos constitutivos de fraude de lei seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.

c) Impulsar un proceso participativo para desenvolver figuras de ordenación e protección do territorio: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico, plans de protecciónns de especies e hábitats declarados de interese comunitario e de interese prioritario.

5. Garantir unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá tomando as seguintes medidas:

a) Mellorar a información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación. etc.) de forma clara e intuitiva.

b) Promover unha oficina específica, con servizos presenciais e telemáticos, ao abeiro do INEGA para o asesoramento técnico e administrativo ou de mediación necesario para a cidadanía, asociacións de veciños, comunidades de montes e outros colectivos afectados pola expansión industrial eólica.

c) Poñer en marcha as demandas do Observatorio Eólico Galego respecto das recomendacións de transparencia, participación pública e difusión de modelos de contrato para particulares e comunidades de montes e mecanismos de negociación.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Na quenda de intervencións a presidencia indícalle que a moción que lle fixo chegar o seu partido é practicamente igual á presentada polo BNG.

A concelleira do BNG María Pilar Tubío solicita saber por que non presentaron a súa proposta de moción.

A presidencia respóndelle porque era practicamente igual á do BNG, xa presentada, por iso non a presentaron.

Non habendo máis intervencións, polo presidente sométese a moción a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (5 do grupo do PsdeG-PSOE e 3 do grupo do BNG).

Votos en contra: 0

Abstencións: 3 do grupo do PP

Consecuentemente, o presidente declara aprobada a moción por maioría absoluta.

2. RE. 202199900000301-BNG sobre as peaxes das autovías galegas.

A concelleira do BNG, María Belén Campos Díaz, procede á lectura da moción que deseguido se transcribe:

MOCIÓN SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS

Exposición de motivos:

O Ministerio de Fomento vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Fomento a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custo para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custo duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Fomento tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53. Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías autonómicas con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1- Amosar a rotunda oposición do Concello de Carnota á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

2- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Ministerio de Fomento.

3- Instar á Xunta de Galiza á redución e paulatina eliminación das peaxes da AG 55 E AG57, de titularidade da administración galega, polo agravio que supón para as persoas residentes e empresas das respectivas comarcas polas que transcorre.

A presidencia anuncia que o seu grupo se vai abster e argumenta o seu voto en que para poder levarse a cabo o que se expón é necesario aprobar os presupostos xerais

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

do Estado e o BNG non os apoiou. Incide en que para a liberación de peaxes fan falta cartos.

A concelleira do BNG María Pilar Tubío faille saber ao alcalde que cando o BNG facilitou o goberno do PSOE en Madrid foi a cambio dunha serie de condicións, que o PSOE non está cumprindo. Ademais, explica que esta mesma moción foi aprobada polos tres grupos na Xunta de Galicia (PP, PSOE e BNG).

A presidencia acláralle que non con esa exposición de motivos.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, acláralle que esta proposta de cobrar pola utilización das vías públicas, antes de ser do PSOE, foi unha proposta do PP. A concelleira avisa do que suporía se esta medida se levara a cabo para todos os galegos e galegas, para os negocios instaurados en Galicia, por ser periferia, e en particular para a Costa da Morte, periferia da periferia. Insta a que se pense en clave de país. Así mesmo, explica que a autopista de Carballo, feita con diñeiro público, a hai que seguir pagando. Incide en que non se trata do que se está facendo en Madrid, senón no ben do país. Tratarías e dun imposto que acabaría afundíndonos. Non entende a postura de votar en contra da moción ou da abstención, xa que independentemente do partido ao que se represente, se debería mirar polo ben do Galicia. Insiste en que xa se tiveron que pagar as radiais deficitarias de Madrid, e agora os galegos teñen que volver a pagar.

A concelleira do PSOE, Sandra Siaba, insta aos membros da Corporación a que se use a máscara.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, indica que se manteñen as distancias e que a retira por motivos de saúde.

Non habendo máis intervencións, polo presidente sométese a moción a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (3 do grupo do PP e 3 do grupo do BNG).

Votos en contra: 0

Abstencións: 5 do grupo do PsdeG-PSOE

Consecuentemente, o presidente declara aprobada a moción por maioría absoluta.

II. PARTE DE CONTROL

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

1. Dar conta das resolucións do Alcalde desde a última sesión ordinaria.

A Corporación quedou informada das resolucións ditadas polo Alcalde desde a última sesión, que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras desde a mesma data da convocatoria.

A concelleira do BNG María Pilar Tubío formula unha dúbida sobre un decreto que lle chama a atención, non pola contía (de arredor dos 50 euros) senón polo concepto "comidas tribunal PEL", xa que ao tribunal se lle pagaron dietas. Así mesmo, faille saber que este tribunal non está ben constituído, posto que non hai ningún funcionario público. Aclara que o BNG non o recorreu para non prexudicar á xente que está esperando por traballo.

A concelleira do BNG, María Belén Campos, quere saber se tiña que estar algún funcionario no tribunal.

O secretario responde que a lei di que non pode estar persoal eventual, persoal laboral temporal e funcionarios interinos, no caso de haber persoal fixo é válido.

A concelleira do BNG María Pilar Tubío explica que é a primeira vez que non hai ningún funcionario nun tribunal.

A presidencia apunta que se trata dun punto no que se ten que dar conta, non procede deliberación.

2. Rogos e preguntas.

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO PLENO ORDINARIO que se vai celebrar o día 27 de maio de 2021

Presenta as seguintes preguntas para resposta oral en pleno.

EXPOSICIÓN

No pleno do día 1 do outubro do 2020 o alcalde comunica aos membros da corporación municipal a súa intención de non contestar no mesmo pleno as preguntas que formule a oposición. Para que as preguntas sexan contestadas neste pleno este grupo municipal opta por facer as preguntas por escrito, sen prexuízo das que poda facer no mesmo pleno.

As nosas preguntas son de interese xeral e moitas delas son preguntas que nos trasladan os nosos veciños e veciñas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta en pleno:

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

1.- Ante as queixas que nos trasladan veciños de Pedrafigueira desde o BNG queremos saber cal foi o motivo de recortar case 5 m da beirarrúa da estrada en Pedrafigueira?

A presidencia responde que o goberno non recibiu ningún tipo de queixa polo recorte da beirarrúa. Aclara que as queixas se recibiron para que se efectuara esa actuación, tras notificarse tres accidentes (roturas de rodas). Así mesmo, explica que a obra está sen rematar, xa que falta pintar de amarelo a zona onde se retirou a beirarrúa, para evitar que a xente aparque aí.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, quere saber se esas queixas están rexistradas.

A presidencia respóndelle que están rexistradas pola Policía Local e pregúntalle se non lle abonda coa súa palabra.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, sinala que o anterior goberno non recibira nunca queixas por esa beirarrúa, en cambio si recibiron queixas por pasar os camións por alí, polo retumbe das casas. Indícalle que puideron sacar un anaco da beirarrúa para redondeala, pero que non era preciso quitar 5m. Apunta que se xerou un perigo porque agora a xente circula pola estrada. Reitera que nos anos que estivo o BNG gobernando nunca recibiu queixas. Alude a que os accidentes puideron ocorrer pola torpeza á hora da condución. Insiste en que varios veciños de Pedrafigueira lle trasladaron esta queixa.

A concelleira do PSOE, María Mercedes Noceda, contesta que o goberno recibiu agradecementos pola actuación.

Á presidencia parécelle surrealista a queixa que formula o BNG. Incide en que segue sendo beirarrúa.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, sinala que tan surrealista non pode ser posto que antes era un espazo utilizado para ser beirarrúa e, neste momento, estase a utilizar como aparcamento.

A presidencia apunta que pasa pola zona en numerosas ocasións e só unha vez detectou un camión aparcado que descargaba produtos para o negocio existente. E insiste en que se vai pintar de amarelo.

O concelleiro do PP, Agustín González, quere saber se a liña amarela se pode alongar ata a súa propiedade.

O alcalde sinálalle que pode solicitar un vao.

O concelleiro do PP, Agustín González, indícalle que hai aparcados continuamente vehículos alí.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

O concelleiro do PSOE, Rafael Antonio Riveiro, insiste na idea de que sitúe un vao para impedir que lle aparquen vehículos na entrada da súa propiedade.

O concelleiro do PP, Agustín González, incide en que aparca moita xente na estrada.

O debate prolóngase insistindo nas mesmas cuestións.

2.- Firmou o alcalde unha acta co Distrito para a corta de pinos en Vilar de Outeiro? A presidencia respóndelle que si. Cales foron as actuacións do Concello? A presidencia responde que a contratación do aproveitamento a efectúa o Distrito, e explica que se trata dun rareamento de árbores. Cal vai ser a actuación do Distrito? A presidencia incide en que o proceso o realizou o Distrito V, mediante subasta pública, segundo a documentación que consta no Concello. Apunta que se notifica, vía mensaxe, cando se carga un camión e as toneladas que levan. Cal é o importe da subasta? A presidencia sinala que a empresa adxudicataria é FINSA e aínda está pendente o importe total e o que corresponde ao Concello, que se trata do 50%. Indica que nalgún espazo van plantar frondosas.

3.- Tendo o Concello un convenio co SEAGA queremos saber se é este organismo o que limpa o solar da igrexa ao lado da Casa do Mar en Lira.

A presidencia responde que non.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, quere saber quen o limpa.

O alcalde responde que o limpa o Concello.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, quere saber se hai expediente de limpeza e advirte que se trata dun solar privado da Igrexa.

O alcalde indícalle que o Concello procedeu á limpeza por ser unha parcela lindeira coa Casa do Mar, campo de xogo dos rapaces e actividades dos veciños. Explica que era un niño de lixo.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, insiste en saber se hai iniciado algún expediente para solicitarlle ao propietario o custe da limpeza.

O alcalde indica que o Concello tamén limpa os solares dos dous hórreos, propiedade da Igrexa.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, explícalle que iso lle parece ben xa que a veciñanza saca un aproveitamento pola visita de turistas. Así mesmo, indica que non é correcto limparlle todos os solares da Igrexa.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

O alcalde insiste en que é un lugar lindeiro coa área de xogo dos nenos.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, vería correcto se se limpase unha franxa, pero non todo o solar. Quere saber se se lle vai solicitar o pago do custe da limpeza á Igrexa.

A concelleira do PSOE, Mercedes Noceda, dille que ao igual que non se reclama o custe da limpeza dos solares dos hórreos tampouco se lle vai reclamar a limpeza deste solar, xa que se trata dun beneficio para os usuarios da pista deportiva.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, indica que hai un procedemento establecido cando o Concello limpa un solar privado, reclamando a cantidade ao particular e incluso chegando ao embargo, que debe ser igual para toda a veciñanza.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, manifesta que non lle parece ben que se faga esa limpeza. Explica que en Carnota a Igrexa ordenou a corta de árbores na súa propiedade e que recibiu un diñeiro. Considera que se debe tratar igual á Igrexa que ao resto da veciñanza. Así mesmo, manifesta que a Igrexa ten descoidadas totalmente as reitorais e que non merecen que se lle dea máis.

4.- Estanse a limpar os camiños no Monte Pindo e os demais camiños do concello?

A presidencia responde que si e engade que se procedeu á limpeza de varios roteiros (camiño de Vadebois, muíños de Panchés...), e tamén se limpou o Castro de Mallou, Torre dos Mouros, toda a ruta do Museo Aberto. Melloráronse os paneis que estaban deteriorados e asegura que se pediron as autorizacións pertinentes ao organismos afectados, comunidade de montes, particulares.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, quere saber que se está facendo en Lariño ao lado do Centro Social?

A presidencia responde que Espina y Delfín está facendo tres hidrantes, tomas de auga para os bombeiros para cargar o camión en 20 minutos. Unha realízase en Lariño, outra preto da depuradora de Panchés e a outra nos arredores do pavillón de Lamas de Castelo.

5.- No pleno anterior o BNG, na parte de rogos, fixo unha serie de propostas, en que estado se atopan?

- Controlar e selar os distintos vertedoiros incontrolados existentes ao longo do Concello.

A presidencia responde que no día de hoxe se procedeu a selar un vertedoiro en Lariño, e que se selou a Cova do Raposo e Martiaño tamén.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

- Arranxo da beirarrúa de Lariño, afundida o pasado 11 de febreiro, como consecuencia do último temporal.

A presidencia responde se instalou unha pasarela provisional e posteriormente Estradas encargarase de executar a obra.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, quere saber quen mandou tirar a caseta de Miché.

A presidencia responde que o Concello non ordenou o seu derribo.

A concelleira do PSOE, María Mercedes Noceda, indícalle que estaban ao tanto de que existía un expediente en Costas.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, trasládalle que os donos da caseta non sabían nada.

A concelleira do PSOE, María Mercedes Noceda, suxírelle que deben dirixirlle a Costas para solicitar as explicacións.

A presidencia apunta que, dende o Concello, se fixeron actuacións para o arranxo da pasarela e que se atoparon conque se executara, ademais, o derribo da caseta.

A concelleira do PSOE, María Mercedes Noceda, sinala que era unha caseta abandonada, pero que, así e todo, o propietario debe pedir información en Costas.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, sinala que o organismo mencionado non lle deixou arranxala.

O alcalde sinala que a empresa TRAGSA vén realizar o arranxo da pasarela de Lariño e ademais tamén van executar os traballos para reparar a pasarela de Mallou. Continúa a súa intervención indicando que esta empresa aproveitou para efectuar o derribo da caseta, sen coñecemento por parte do Concello.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, advirte que hai que ter coidado con esta actuación e co tema de estar abandonada, xa que polo mesmo motivo o muíño do vento está en ruínas, igual que a caseta do sal.

A concelleira do PSOE, María Mercedes Noceda, explica que o muíño do vento é o único circular que existe, e non é o mesmo caso que a caseta de Miché.

O concelleiro do PP, Pedro Lado, indica que os custes do derrube repercútenos no propietario.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, trasládalle á presidencia que os veciños de

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Vilar de Outeiro solicitan que os cartos da corta repercutan na montaña.

A presidencia responde que lle corresponden a todo o municipio.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, faille saber que o BNG está de acordo coa solicitude dos veciños de Vilar de Outeiro.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, propón impulsar a empresa municipal CARNOTAVENTO para pór en funcionamento os eólicos.

O alcalde infórmalle que esa sociedade está en proceso de disolución, segundo lle informou ACCIONA.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, sinala que non poden facer iso, posto que o Concello era o propietario do 51%.

A presidencia infórmalle que o proxecto que existía non pode levarse a cabo e aclara que o que producían antes 7 torres, neste momento, prodúceo 1. Explica que está desfasado completamente.

O concelleiro Manuel Souto está de acordo co argumento do alcalde pero explica que o alcalde debe velar polos intereses do Concello antes da disolución.

A presidencia infórmalle que se está negociando.

Non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, dándose por rematado o acto ás vinte horas e cincuenta e cinco minutos do día anteriormente expresado, estendéndose a presente acta. De todo o que, como secretario, dou fe.

O secretario, José Luis Veiga Sierra

O alcalde, Juan Manuel Saborido Rama

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 25/08/2021 11:45:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 25/08/2021 13:12:00)
Versión imprimible
CVD: 8HU0ShNVttZopd1GzWpd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.